

# PLAN DE TRABAJO PARA O BENESTAR E A PROTECCIÓN DO ALUMNADO



-CPR DIVINO SALVADOR-  
(CURSO 2023-24)

---

# PLAN DE TRABAJO PARA O BENESTAR E A PROTECCIÓN DO ALUMNADO

O presente plan de traballo foi elaborado seguindo as indicacións da [Orde do 23 de agosto do 2023 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades](#), na que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.

Enlace: <https://www.edu.xunta.gal/portal/es/node/40800>

## 1. **INTRODUCCIÓN**

A [La Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación](#), considera como principio do sistema educativo español a educación para a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, así como a promoción para a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e, en especial, no acoso escolar.

A [Ley Orgánica 8/2021, de 4 de junio, de protección integral a la infancia y la adolescencia](#) fronte á violencia, xorde como unha necesidade para a atención e protección dos menores ante diferentes situacións de risco. O sistema educativo debe rexirse polo respecto mutuo de todos os compoñentes da comunidade educativa, fomentando unha educación igualitaria e inclusiva que favoreza o desenvolvemento pleno do alumnado. Ademais, debe favorecerse a participación dos estudantes unha escola segura, libre de violencia, garantizando a igualdade e empregando métodos pacíficos de comunicación, negociación e resolución de conflitos.

Dende unha perspectiva didáctica, otorga unha prioridade esencial á prevención, á socialización e á educación, tanto entre as persoas menores de idade como entre as familias e a propia institución, establécense medidas de protección, detección precoz, asistencia, reintegración de dereitos vulnerados e recuperación da vítima, inspiradas en modelos integrais de atención identificados como boas prácticas á hora de evitar a victimización secundaria.

No artigo 34 establece a necesidade de contar con protocolos de actuación ante calquer tipo de violencia, que deberán ser aplicados en todos os centros educativos. En concreto sinala que as administracións educativas regularán os protocolos de actuacións contra o abuso e o maltrato, o acoso escolar, ciberacoso, violencia sexual, violencia de xénero, violencia doméstica, suicidio e autolesión, así como calquera outra manifestación de violencia comprendida no ámbito de aplicación de dita lei. Esta lei prevé que os protocolos deben ser aplicados en todos os centros educativos, independentemente da súa titularidade e, ademais, deberán evaluarse periodicamente co fin de valorar a súa eficacia. Indica, tamén, que deberán iniciarse cando o persoal docente dos centros educativos, nais ou pais do alumnado ou calquera membro da comunidade educativa, detecten indicios de violencia ou pola mera comunicación dos feitos por parte dos nenos, nenas ou adolescentes.

No artigo 35 recóllese as funcións da persoa coordinadora de benestar e protección infantil que se concretan na Orde do 2023 de agosto do 2023 e se resumen na seguinte táboa:

En coordinación co equipo directivo	✓ Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización.
	✓ Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos (Plan de acción tutorial)
	✓ Identificarse ante a comunidade educativa.
	✓ Informar aos persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección.
	✓ Promover a comunicación inmediata ás forzas e corpos de seguridade do Estado.
	✓ Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia.
	✓ Promover unha alimentación saudable, nutritiva e equilibrada.
	✓ Promover a comunicación inmediata á Axencia Española de Protección e Datos ante un tratamento ilegal dos mesmos.
En coordinación co departamento de orientación	✓ Promover a cultura do bo trato e o benestar da infancia.
	✓ Colaborar no desenvolvemento de programas de detección de dificultades de convivencia.
	✓ Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade, vulnerabilidade e/ou diversidade.
	✓ Coordinar os casos que requiran a aplicación dos protocolos establecidos.
En coordinación coas asociacións de nais e pais	✓ Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia.

## 2. ANÁLISE DO CONTEXTO

A xustificación do plan de traballo da Coordinadora de Benestar é esencial para proporcionar unha base sólida que respalde a necesidade e a efectividade das súas accións. A xustificación debe adaptarse ás circunstancias e necesidades específicas de cada etapa educativa do noso centro.

## ETAPA INFANTIL:

En xeral, na etapa infantil hai boa convivencia, tanto dentro das aulas como en todo o grupo. Ás veces poden xurdir pequenos conflitos que forman parte do desenrolo evolutivo e das interaccións entre iguais. A relación entre as mestras e os nenos e nenas tamén é boa. As familias amósanse colaboradoras e isto favorece o bo clima escolar.

## ETAPA PRIMARIA:

Neste etapa insítese diarlamente no cumprimento das normas básicas de convivencia e, se xorden conflitos, inténtase que sexan os propios rapaces e rapazas os que os solucionen, ben entre eles, a través de mediadores e, se fose necesario, coa participación en grupos de habilidades sociais.

En todas as aulas foméntase unha convivencia positiva baseada no respecto, a empatía, a colaboración, a diversidade e a inclusión.

O feito de crear un ambiente onde a convivencia positiva sexa prioritaria promove que o alumnado se sinta máis seguro, motivado e capaz de alcanzar o máximo potencial académico e social.

## ETAPA DE SECUNDARIA:

Na etapa da ESO as relación de convivencia son máis complexas debido á adolescencia, período no que os xóvenes están experimentando cambios físicos, emocionais e sociais.

Tanto nas aulas como no patio, a maioría dos episodios de indisciplina son leves, sendo a orixe as faltas de traballo, disrupcións na aula, conflitos entre iguais... Só un pequeno grupo de alumnos e/ou alumnas pode verse involucrado nun episodio grave.

É fundamental acompañar aos adolescentes na aceptación da diversidade, na formación da propia identidade e no desenrolo de habilidades socioemocionais.

Fomentar un ambiente positivo e respetuoso na secundaria precisa dun enfoque holístico que combine a atención ás necesidades académicas, emocionais e sociais. A colaboración entre a comunidade educativa e o apoio continuo durante esta etapa son fundamentais para promover unha convivencia sá e positiva.

### **3. OBXECTIVOS E ACTUACIÓNS**

Partindo da lexislación e do contexto do noso centro educativo, establécense os seguintes obxectivos xunto coas actuacións e indicadores de avaliación para o presente curso:

OBXECTIVOS	ACTUACIÓNS	INDICADORES DE AVALIACIÓN
a)Garantir a implementación de medidas	✓ Campañas educativas con frases e ideas de “EDUCAR PARA A PAZ” e a súa reflexión e debate posterior	

<p>sensibilización para o rechazo e a eliminación de todo tipo de violencia e discriminación sobre a infancia e a adolescencia.</p>	<p>✓ Coordinación con asociacións, Centro de Saúde de Coruxo Concello de Vigo, Centro de Atención Integral a Drogodependentes-ÉRGUETE, etc.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nivel de participación de profesores e alumnado.</li> <li>• Número de reunións e contactos telefónicos cos distintos profesionais e asociacións.</li> <li>• Valoración positiva dos instrumentos facilitados.</li> <li>• Número de casos de discriminación, acoso, tec fronte a cursos anteriores.</li> </ul>
<p>b)Establecer medidas de prevención efectivas fronte á violencia</p>	<p>✓ Información axeitada á adolescencia e ás familias sobre parentalidade positiva.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Valoración positiva da información ofrecida.</li> <li>• Grao de participación dos menores nas actividades do centro.</li> </ul>
	<p>✓ Reforzo da participación de menores de idade no centro: torneos de fútbol, baloncesto, cross escolar, xornadas deportivas...</p>	
<p>c)Impulsar a detección precoz da violencia sobre a infancia e a adolescencia</p>	<p>✓ Informar aos profesionais que teñen contacto habitual co alumnado (lexislación, factores de risco, sinais de alarma...)</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Valoración da información ofrecida.</li> <li>• Número de consultas ao orientador, coordinadora de benestar e protocolos abertos.</li> </ul>
<p>✓ Crear unha carpeta no Drive do centro con enlace directo aos protocolos da Consellería de Educación.</p>		
	<p>✓ Difundir a área de convivencia da consellería de educación onde están aloxados diferentes recursos para o profesorado (<a href="https://www.edu.xunta.gal/portal/convivencia">https://www.edu.xunta.gal/portal/convivencia</a>)</p>	
	<p>✓ Buscar a colaboración da ANPA do colexio na formación na prevención e evitación de todo tipo de violencia.</p>	
<p>d)Reforzar os coñecementos e habilidades do alumnado para que sexan parte activa na promoción do bo</p>	<p>✓ Sesións de titoría (PAT) destinadas a:          -Explicación do procedemento de mediación.          -Cohesión grupal.          -Habilidades sociais e empatía.          -Respeto á diversidade.          -Promoción da saúde.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actuacións realizadas.</li> <li>• Graos de satisfacción e participación.</li> </ul>

<p>trato e poidan recoñecer a violencia e reaccionar fronte á mesma.</p>	<p>-Traballo en igualdade. -Xestión de emocións. -Expectativas de futuro.</p> <p>✓ Coñecemento das normas do centro e medidas a adoptar se fose necesario.</p> <p>✓ Creación nas aulas das propias normas de convivencia expostas no taboleiros.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Niveis de coordinacións entre os titores, stitoras e outros profesionais.</li> </ul>
	<p>✓ Asignación de padriños e madriñas con todo o alumnado do centro para o desenrolo das actividades e celebración propostas (Nadal, Paz, Día do Libro, contacontos...)</p>	
	<p>✓ Instalación dun buzón cos inquedanzas, dúbidas, suxerencias na convivencia escolar.</p>	
	<p>✓ Implementación de proxectos (primeros auxilios básicos.</p>	
<p>e)Reforzar o exercicio do dereito do menor a ser escoitado e a que as súas opinión se teñan en conta debidamente en contextos de violencia, asegurando a súa protección.</p>	<p>✓ Sesións de titoría (debates do bo trato, violencia de xénero, diversidade discriminación...)</p> <p>✓ Sesións individuais co orientador do centro.</p> <p>✓ Eleccións de delegados e delegadas coas reunións establecidas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades realizadas nas titorías.</li> <li>Grao de satisfacción e participación nas mesmas.</li> <li>Número e grao de asistencia ás reunións de delegados e delegadas.</li> </ul>
<p>f)Garantir a atención aos menores que se atopan en situacións de vulnerabilidade.</p>	<p>✓ Sesións de titoría.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Número de intervencións realizadas pola coordinadora de benestar e protección (en colaboración co orientador e a xefa de estudos).</li> </ul>
	<p>✓ Sesións individuais coa Xefa de Estudos e/ou o orientador.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Grao de satisfacción e participación dos alumnos e alumnas atendidas.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Contacto con Servizos Sociais da Xunta de Galicia, Infancia e Familia do concello de Vigo, UAC (Unidade de Atención a Centros), Fundación AMIGÓ, centro de saúde de Coruxo, xuzgados...</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nivel de coordinación orientación – titores/titoras – xefa de estudos – directora – outros profesionais.</li> </ul>
g)Garantir a erradicación e a protección fronte a calqueira tipo de discriminación e a superación dos estereotipos de carácter sexista, racista, homofóbico, bifóbico, transfóbico ou por razóns estéticas de discapacidade, de enfermidade, exclusión social ou calqueira outra circunstancia ou condición persoal, familiar, social ou cultural.	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Campañas de Nadal, Paz, Día da Muller...coa reflexión e debate posterior.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Grao de satisfacción e participación.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Coordinación con asociacións e fundacións (IGUALARTE, DISCAMINO, ALDEAS INFANTÍS, ÉRGUETE, AUTISMO GALICIA), centros de saúde, concello...</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nivel de coordinación coordinadora de benestar – outros profesionais.</li> </ul>
h)Garantir unha actuación combinada e colaboración constante entre as distintas administracións públicas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Seguimento dos diversos casos en coordinación con Servizos Sociais, Saúde Mental (USMIJ do SERGAS)...</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Intervencións individuais realizadas pola coordinadora de benestar e protección co resto de profesionais.</li> </ul>
i)Establecer os protocolos, mecanismos e medidas necesarias para a creación de entornos seguros, de bo trato e inclusivos para todo o alumnado.	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Establecer un entorno seguro que respete os dereitos da infancia e promova un ambiente protector físico, psicolóxico e social, incluído o entorno dixital.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Graos de satisfaccións coas medidas adoptadas en relación ao entorno seguro.</li> </ul>
k)Protexer a imaxe do menor dende o seu nacemento ata	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Cumprir coa Lei de Protección de datos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Grao de satisfacción coas medidas</li> </ul>

despois do seu falecemento.		adoptadas en canto a protección de datos.
-----------------------------	--	---

#### **4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN**

A avaliación do plan de traballo da coordinadora de benestar escolar é fundamental para asegurarse de que se están cumprindo os obxectivos establecidos e para comprobar que se están abordando adecuadamente as necesidades do alumnado e a comunidade escolar.

Este plan de traballo será revisado e actualizado ao longo de todo o curso coa finalidade de mellorar e adaptar o mesmo á realidade escolar do CPR Divino Salvador.

Tendo en conta os indicadores de avaliación iranse valorando as actuacións de cada obxectivo cunha escala onde se indique o seguinte:

- ✓ Sen traballar.
- ✓ En proceso.
- ✓ Completadas pero precisan revisión.
- ✓ Completadas.

Como indicadores de éxito establécense os seguintes:

- Reducción en Casos de Acoso Escolar.
- Incremento da Participación Familiar.
- Mellora da Percepción do Clima Escolar.
- Incremento en Habilidades Socioemocionais.
- Reducción de Conflictos.

A modo de reflexión final podemos plantexarnos as seguintes cuestións para valorar a efectividade do plan de traballo de benestar escolar:

1. Claridade de obxectivos e actuacións:
  - Os obxectivos son claros e específicos?
  - Establécense metas medibles e alcanzables?
2. Relevancia e pertinencia:
  - O plan de traballo aborda as necesidades actuais do alumnado e da comunidade escolar?
  - Téñense en conta as preocupacións propias de cada etapa educativa?
3. Participación e colaboración:
  - Foméntase a participación e colaboración de todos os membros da comunidade educativa?
  - Existen estratexias para involucrar á comunidade no proceso de benestar escolar?
4. Efectividade das intervencións:
  - As intervencións foron efectivas?



- Recopiláronse datos para avaliar o impacto das intervencións no benestar do alumnado e demais membros da comunidade escolar?

5. Recursos:

- Os recursos empregados son axeitados para implementar o plan de traballo de maneira efectiva?

A avaliación deste plan de traballo permite revelar os aspectos positivos e as áreas de mellora na convivencia do noso centro escolar.